

hai 2 horas | [Cultura](#)

Por todo o país, #EusonRosalía

Redacción | [@prazapublica](#)

Este 24 de febreiro, aniversario do nacemento de [Rosalía de Castro](#), repodúcese dunha beira a outra de Galicia (e mesmo alén do Padornelo) as accións de homenaxe á poeta, que neste ano mesmo chegaron á porta de Google, [a través dun celebrado doodle](#). Entidades culturais, concellos e centros de ensino organizan este martes dúcias de actividades, entre as que destacan as realizadas pola propia Casa-Museo e [Fundación Rosalía de Castro](#) e pola [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#), que xa o pasado domingo realizou o seu acto central no Panteón de Galegos Ilustres, cunha lectura colectiva de poemas.

A propia AELG ten convocados este martes un bo número de actos, [que se poden consultar polo miúdo na súa web](#), algúns deles en colaboración cos Concellos que aprobaron nos seus plenos celebrar a data do nacemento de Rosalía de Castro coa lectura da súa obra. Lugo (Praza de Abastos, ás 12 horas), A Coruña (Centro Ágora, ás 19 horas), Vigo (IES San Tomé de Freixeiro, ás 19 horas), A Rúa (Biblioteca municipal, ás 19.30 horas), Bueu (Sala de exposicións: Amalia Domínguez Búa, ás 20 horas), Ferrol (Galería Sargadelos, ás 20 horas) acollerán a lectura de poemas e do manifesto feito público pola AELG. Tamén en Madrid, ás 19 horas, o [Grupo Bilbao](#) convoca unha lectura de poemas de Rosalía diante da que fora a súa residencia madrileña, na rúa Ballesta, 13.

Desde 2011 a AELG vén solicitando aos concellos que declaren o 24 de febreiro como *Día de Rosalía de Castro*, e así o fixeron Allariz, Ames, Burela, Betanzos, Carballo, Carnota, Cedeira, Cee, A Estrada, Fisterra, Foz, A Guarda, Lalín, Lobeira, Melide, Muros, Narón, Ourense, Padrón, A Pobra do Brollón, Poio, Ponteareas, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rois, O Rosal, A Rúa de Valdeorras, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Teo, Tui, Valdoviño, Vigo, Vilasantar e Xermade, sumándose tamén as Deputacións da Coruña e Lugo.

A [Fundación Rosalía de Castro](#) celebra o *Día de Rosalía* cun programa especial do

Diario Cultural no que se presentará a edición en libro-disco de *De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro* que reúne os poemas inéditos escritos por 36 poetas a partir dos que Rosalía publicou en *Cantares Gallegos*. **O acto de presentación terá lugar ás 19 horas na Casa Museo Rosalía de Castro en Padrón** e intervirán Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, e Rosa Martínez, directora da Radio Galega. Lerán os seus poemas Manuel Forcadela, Antía Otero, Arturo Casas, Carmen Blanco, Luis Glez Tosar, Olalla Cociña e Xose María Álvarez Cáccamo. A crítica literaria Ana Salgado fará unha lectura crítica do libro-CD e María Xesus Nogueira realizará unha achegamento ás antoloxías sonoras na poesía galega.

Tamén destacan os vídeos elaborados para este día polas alumnos e alumnas de centros de ensino e [que se poden ver na canle de youtube da AELG](#). De Escairón ou Negreira, a Ares, A Coruña, Abegondo ou Lugo, pasando por Ames, Padrón, Vedra ou Carril. **Son ao redor de 36, aos que hai que unir outros 35 realizados por persoeiros da cultura galega** e outras persoas que atenderon os chamamento realizado pola asociación baixo o hashtag *#EuSonRosalía*: Marilar Aleixandre, Margarita Ledo, Mónica Caamaño, Xabier Díaz, Isaac Xubín, Xurxo Souto, María Solar, Francisco Castro, Andaravía Teatro ou a Librería de Mulleres Lilith. Todos os vídeos, que levan un tempo circulando polas redes sociais, comezan coa frase “Eu son Rosalía porque/cando/para...”.

Porén, **a celebración do Día de Rosalía inclúe moitos outros actos, en ducias de localidades de todo o país, organizados polos concellos ou por entidades culturais**. Ou por plataformas coma *A Segra*, de crítica literaria, que [xa hai unhas semanas animaba a vestir](#) con bufandas e outras prendas as estatuas e bustos de Rosalía existentes no país. Este martes Rosalía estará máis presente ca nunca en **Ourense**, coas actividades organizadas no Liceo polo Grupo Rosalauria; ademais, o Concello apoia a celebración coa inserción dunha faixa dedicada á poeta en dous autobuses urbanos, e coa distribución de poemas nos restantes autobuses da cidade. En **Burela**, o Colectivo Cultural Buril organiza un Maratón de Lectura, dende as 10 da mañá ata as 8 da tarde, unha iniciativa que xa o pasado tivo un gran seguimento. E mesmo en **Braga**, en Portugal, a *Semana Cultural - Convergência Galiza/Portugal* fai oco na súa [programación](#) ao Día de Rosalía. **Arteixo, Salvaterra, Silleda, Boiro, Teo, Muxía, Carballo, Sober, A Estrada** ou **Laracha** organizan tamén actos públicos este martes.

De igual xeito, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) anima a celebrar o Día de Rosalía a través da plataforma [Agasalho.eu](#), de propostas de regalos en galego. A CTNL sinala, por exemplo, os produtos de Rei Zentolo, os da docería Fina Rei, discos coma os de Aid, aCadaCanto ou Uxía ou

outros títulos coma *Rosalía pequeniña*, *A miña primeira Rosalía* ou *Na lingua que eu falo*.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Xoves 5, Febreiro 2015 | [Cultura](#)

[Rosalía ten frío](#)

Venres 24, Outubro 2014 | [Cultura](#)

["Pinto d'Herbón representa o triunfo de Rosalía"](#)

Mércores 19, Marzo 2014 | [Cultura](#)

["Adiós ríos, céad slán le tobair, adiós regatos pequenos"](#)

Martes 25, Febreiro 2014 | [Cultura](#)

["Os artistas achegáronse a Rosalía dunha maneira pouco atrevida, cunha imaxe estereotipada"](#)

Luns 24, Febreiro 2014 | [Cultura](#)

[É 24 de febreiro, #EuRosalía](#)

Luns 27, Xaneiro 2014 | [Cultura](#)

[Que a voz de Rosalía ilumine os muros!](#)